



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

AMPLIACIÓN DE PRAZO DE INSCRIPCIÓN PARA PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

Mediante Decreto de Alcaldía de 31 de outubro do 2024 resolveuse abrir un novo prazo de cinco días hábiles, a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para a presentación de solicitudes de participación, ou actualización de méritos presentados, no proceso selectivo tramitado polo Concello de Baleira para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación de auxiliares de axuda no fogar en réxime de persoal laboral temporal.

A participación no devandito proceso selectivo rexeráse polas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira na sesión extraordinaria do 16 de maio do 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 123 do 31 de maio do 2023.

Baleira, 4 de novembro de 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3429

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS 2024

Pola Xunta de Goberno Local do 4 de novembro de 2024 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HÁBILES (non contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 5 de novembro de 2024.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 3430

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 30/10/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 06/01/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 4 de novembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 3431

BURELA

Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 10 de outubro de 2024, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Cuarto Bimestre do exercicio 2024, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 4 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 3432

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de outubro 2024,correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2024/2025, por un importe total de 1720 €.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Castroverde, 4 de outubro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3433

CERVANTES

Anuncio

O Pleno do Concello de Cervantes, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de outubro de 2024 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos n.º 14/2024 baixo a modalidade de Suplemento de créditos financiado con maiores ingresos dos previstos, destinado a financiar gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Cervantes, 5 de novembro de 2024.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 3434

CHANTADA

Anuncio

AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “SERRA DO FARO VIII” DE CHANTADA, CARBALLED O E TABOADA.

Primeiro.- Beneficiarios: Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, as cales desempeñan actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego de Chantada, Carballedo e Taboada, no que se impartiu a formación necesaria para obter os seguintes certificados de Profesionalidade: EOCBO108 - Fábricas de albanelaría, de Nivel 2; AGAO0108 - Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, de Nivel 1 e SSCS0208 - Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, de Nivel 2, que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Chantada, Carballedo e Taboada.

Segundo.- Obxecto: Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII, financiados a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pertencente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Bases reguladoras: as bases completas e os modelos de solicitude están publicados na páxina web do Concello de Chantada, <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Anuncios.

Cuarto.- Contía: Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 euros, por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes: sete días naturais (7) contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Chantada, 5 de novembro de 2024.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3435

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión extraordinaria do día 6/11/2024 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 48/2024 baixo a modalidade de suplemento de crédito 01/2024 con cargo a liquidación definitiva da participación dos tributos do Estado do exercicio 2022 por importe de 423.094,93 € e a dotación adicional do Fondo de Cooperación Local por importe de 35.929,62 €

. O expediente exponse ao público polo prazo de quince días, da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 6 de novembro do 2024.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3466

LUGO

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse tódolos recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 21 de outubro e ata o 23 de decembro do ano 2024, ambos inclusive, póñense ao cobro en período voluntario os tributos que deseguido se relacionan:

- Imposto sobre Actividades Económicas exercicio 2024.

- Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó terceiro trimestre de 2024.

Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 25 de outubro de 2024 (Auga) e 05 de decembro de 2024 (IAE).

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº 197 (Facenda Local no caso do IAE e Negociado de Augas no caso do padrón de Auga), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de xaneiro de 2025 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 5 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3436

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 4 de novembro de 2024 (acordo número 5/172), o expediente de suplemento de crédito número 1/2024, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexítimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Lugo, 6 de novembro de 2024.- Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos.

R. 3447

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 4 de novembro de 2024 (acordo número 4/171), o expediente de Transferencia de créditos número 54/2024, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexítimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Lugo, 6 de novembro de 2024.- Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos.

R. 3448

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Expediente núm.: 148/2024

Bases Xerais da Convocatoria

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA. NORMAS XERAIS.

1.1.- Obxecto: O obxecto da presente convocatoria é a provisión, con carácter fixo e a través de concurso-oposición, dun posto de CONDUTOR DE MAQUINARIA, como persoal laboral fixo, incluído no OEP 2023 do Concello de Navia de Suarna, publicado no Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 223, de 25 de setembro de 2024.

1.2.- Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes, en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP), na Lei 6/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no non previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3.- Sistema de selección: o sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición.

SEGUNDA. MODALIDADE DE CONTRATO.

A praza obxecto de convocatoria está clasificada como persoal laboral fixo. Denominación: condutor de maquinaria.

Jornada completa. Grupo C. Subgrupo C2. Grupo profesional: GC10.

Funcións: As funcións que son propias pola súa formación e titulación e calquera outra tarefa da súa categoría que lle sexa encomendada en atención ás necesidades de servizo.

O artigo 27 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, as retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso o establecido no artigo 21 do mesmo.

O aspirante que obteña a praza á que se refire esta convocatoria estará sometido ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro e concordantes).

TERCEIRA. CONDICIÓNS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela antes do remate de presentación de instancias, ou dos nivel de formación equivalente a Educación Primaria ou Certificado de Escolaridade. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán aportar a documentación que acredite a súa homologación pola Administración educativa competente na materia.
- e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade, de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, Celga 2 ou equivalente, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego ou viceversa na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

h) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

CUARTA.- FORMA E PRAZO DE INSTANCIAS.

As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaránse ao modelo que figura como Anexo II, irán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente e presentaranse debidamente cubertas no Rexistro Xeral deste Concello ou a través da súa sede electrónica <http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de VINTE días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria en o *Boletín Oficial do Estado*.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse en o *Boletín Oficial da Provincia* e na sede electrónica deste Concello <http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios do Concello.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na base 3ª, e achegarán necesariamente a seguinte documentación:

- a. Copia autenticada ou compulsada do D.N.I. ou documento equivalente.
- b. Copia autenticada ou compulsada da titulación requirida: equivalente Educación Primaria ou Certificado de Escolaridade (ou superior).
- c. Copia autenticada ou compulsada da titulación CELGA 2 ou equivalente que acredite o nivel de galego esixido, de ser o caso.
- d. Copia autenticada ou compulsada do carné B.
- e. Copia autenticada ou compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo, de ser o caso.
- f. Para puntuar a experiencia laboral **deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado**, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os servizos prestados nas administracións públicas e organismos dependente destas, acreditarase mediante certificacións de servizos prestados, expedidas polo organismo oficial no que se prestaron, especificando a praza, posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderá acreditarse mediante contratos, tomas de posesión ou/e nóminas.

Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante contrato de traballo inscrito no SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado.

Se os servizos se prestaron neste Concello os aspirantes deberán solicitar, en instancia diferente á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite ditos servizos. A instancia irá dirixida ao Sra. Alcadesa- Presidenta do Concello e presentarse no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado se así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data. Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que se desexen alegar en relación co posto. A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala nesta base determinará que estes non serán tidos en conta pola tribunal.

Os aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos aspirantes.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicárase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

QUINTA.- PUBLICIDADE.

A publicación da convocatoria realizarase mediante a inserción dun anuncio no *Boletín Oficial do Estado*.

Así mesmo, as bases completas publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, no taboleiro de edictos e na sede electrónica deste Concello, <http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>.

SEXTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará en o Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na sede electrónica deste Concello <http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>, concederase un prazo de dez días hábiles para a emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Ao publicarse a lista provisional de admitidos e excluídos poderase facer advertencia de que, transcurrido o prazo anterior sen reclamacións, quedará aquela elevada a definitiva.

Vistas as alegacións presentadas, por Resolución de Alcaldía procederase á aprobación definitiva da lista de admitidos e excluídos, que, igualmente será obxecto de publicación en o Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica deste Concello [<http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>]. Nesta mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberá realizarse o primeiro exercicio de selección. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación na sede electrónica do Concello <http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión; neste suposto, os anuncios da celebración das sucesivas probas deberán facerse públicos por o órgano de selección nos locais onde se celebrou a proba anterior e na sede electrónica do Concello <http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios do Concello, para maior difusión, con doce horas, polo menos, de antelación ao comezo de leste, se se trata do mesmo exercicio, ou de vinte e catro horas, se se trata dun novo. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.

SÉTIMA. TRIBUNAL CALIFICADOR.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita Lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, requírese a presenza do/da presidente/a e do/da secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que podan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas. Así mesmo, establecerá o nivel mínimo a esixir para superar as probas.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que o exercicio da fase de oposición, agás naqueles casos nos que estea prevista a lectura pública, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados, excluindo aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecen, agás nos casos debidamente xustificados e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

O tribunal adoptará as medidas necesarias para que aqueles aspirantes que teñan algunha discapacidade que dificulten o desenvolvemento das probas gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Para isto cómpre que os aspirantes indiquen na solicitude de participación no proceso selectivo o tipo e grao de discapacidade e, polo tanto, con carácter previo as adaptacións que estime necesarias o tribunal de selección.

Cada opositor poderá obter copia de cada un dos exercicios realizados ao seu remate.

SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será de concurso oposición.

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será previa á de concurso e consistirá na realización dos seguintes exercicios. A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase son 60 puntos e comprenderá a suma da puntuación obtida en cada exercicio apto:

Primeiro exercicio: EXAME TIPO TEST (máximo 20 puntos)

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e será preciso obter unha puntuación mínima de 10 puntos para poder superalo.

Consistirá na realización dunha proba escrita, tipo test de 20 preguntas e 3 preguntas de reserva que tratarán sobre as actividades propias do posto a desempeñar e segundo o temario do Anexo I das presentes bases. As preguntas terán 4 respostas alternativas das cales só unha é correcta. O tempo de realización do mesmo será de 45 minutos, e cada resposta correcta sumará 1 punto.

Segundo exercicio: EXAME PRÁCTICO (máximo 40 puntos)

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio e será preciso obter unha puntuación mínima de 20 puntos para poder superalo.

Consistirá na realización, nun tempo máximo de 45 minutos, dunha proba de manexo da maquinaria municipal (miniexcavadora, dumper, tractor forestal), proposta polo Tribunal de Selección e relacionada cas funcións a desempeñar.

Terceiro exercicio: PROBA DE GALEGO (apto/non apto):

En cumprimento do sinalado, os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego ou viceversa, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 30 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 100 palabras.

Están exentos da realización da proba de galego os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes, e acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 2 ou equivalente.

FASE DE CONCURSO:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso entre os aspirantes que superaron a fase de oposición. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 40 puntos.

1. Experiencia profesional (máximo 35 puntos).

Terase en conta a experiencia profesional por conta allea dos/as aspirantes, como condutor de maquinaria e en traballos relacionados co temario do Anexo I do xeito que se indica a continuación:

- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en réxime funcional ou laboral, a razón de 0,30 puntos por cada mes completo de traballo.
- Por servizos prestados en empresas privadas, a razón de 0,15 puntos por cada mes completo de traballo.

Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais, desprezándose e non acumulándose as fraccións. Se os contratos fosen a tempo parcial computarán proporcionalmente ó n.º de horas desenvolvidas.

Non serán obxecto de valoración os servizos prestados na modalidade de prácticas ou formativos.

2. Cursos de formación relacionados co posto de traballo (máximo 5 puntos).

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira, sempre e cando a súa temática garde relación co temario incluído no Anexo I das presentes bases.

É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua. Valoraranse do seguinte xeito:

- Por cada curso con duración igual ou superior a 10 horas e inferior a 50 horas: 0,30 puntos.
- Por cada curso con duración igual ou superior a 51 horas e inferior a 100 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas e inferior a 200: 1,00 punto.
- Por cada curso con duración igual ou superior a 200 horas e inferior a 300: 2,00 puntos.
- Por cada curso con duración igual ou superior a 300 horas: 3,00 puntos.

Aplicarase a citada puntuación por unha soa titulación e só pola máis alta alcanzada. A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia autenticada dos diplomas ou certificados acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas.

Non se puntuarán:

- As xornadas.
- Os cursos que non teñan unha relación directa coas funcións propias da praza.
- Os cursos que teñan idéntico contido aínda que se desenvolveran en datas distintas. Neste caso só puntuará un deles, que será o de data máis recente.
- Os cursos que non figuren na relación que debe acompañar á solicitude.
- Os cursos que figurando na relación non conste certificado ou diploma.
- Os cursos cuxos certificados ou diplomas non veñan compulsados.

A formación complementaria cursada cunha **antigüidade superior aos 15 anos** dende a publicación das presentes bases, **non será tida en conta** ós efectos de valoración de méritos.

NOVENA.- RELACIÓN DE ASPIRANTES E CUALIFICACIÓNS.

O resultado final do concurso oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición máis a obtida na fase de concurso, o que dará a puntuación total obtida no procedemento selectivo.

No suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola obtida no segundo exercicio, e se aínda persistise, polo candidato que obtivese maior puntuación na fase do concurso, e se isto non fose posible, desempatarase co candidato que teña máis servizos prestados neste concello.

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das puntuacións finais obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición, pola orde da puntuación obtida, e só propoñerá para a contratación como persoal laboral fixo ao candidato aprobado con maior puntuación.

Esta relación xunto coa acta da sesión elevarase ao señor Alcalde. A publicación se realizará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocan con dotación orzamentaria.

Non obstante o anterior, confeccionarase unha bolsa de emprego coa relación dos aspirantes que superaron os exercicios da fase de oposición e pola orde decrecente de puntuación total obtida, co obxecto de cubrir mediante contrato de duración determinada, no caso de que se precisase, nos supostos regulados no Real Decreto- lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado do traballo. Tamén formarán parte da devandita bolsa aqueles aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio do procedemento.

DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa seleccionada deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de vinte días (20) naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a seguinte documentación:

- Certificado médico de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Número de afiliación á Seguridade Social e número de conta bancaria.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, o seleccionado non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato, procedéndose a contratar ó que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

UNDÉCIMA.- NOMEAMENTO E ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL LABORAL FIXO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde ditará resolución acordando a formalización do contrato laboral fixo, a favor do candidato proposto, no prazo máximo dun mes, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O contrato formalizarase no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación.

O decreto acordando a formalización de contrato laboral fixo será susceptible de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a partir do día da publicación do nomeamento.

Antes de formalizarse o contrato deberá prestar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez (10) días seguintes á súa concertación. Así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica do contrato celebrado.

Ata que se formalice o contrato e se incorpore o aspirante seleccionado ao posto de traballo correspondente, non se terá dereito a percepción económica algunha.

DUODÉCIMA.- PERÍODO DE PROBA

Establécese un período de proba de 2 meses, transcorrido o cal, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo de servizos prestados a efectos de cálculo de antigüidade do/a traballador/a.

Durante o período de proba o/a traballador/a terá os dereitos e obrigas inherentes ó posto de traballo, excepto os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

DECIMOTERCEIRA.- IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e na Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

TEMARIO PARA UNHA PRAZA DE CONDUTOR-MAQUINARIA.

Tema 1.- Constitución Española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Organización territorial do Estado. Organización do Goberno Municipal. Funcionamento e Competencias. O Concello de Navia de Suarna. Población e termo municipal.

Tema 3.- Prevención de riscos laborais. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Normas básicas de seguridade e saúde laboral. Equipos de protección colectiva e equipos de protección individual.

Tema 4.- Vixilancia da saúde e primeiros auxilios. A xestión de prevención.

Tema 5.- Descrición, utilidade e manexo das máquinas, ferramentas e útiles máis comúns para o desenvolvemento das funcións propias do posto de condutor de maquinaria. Mantemento básico da maquinaria municipal: miniexcavadora, dumper, tractor forestal.

Tema 6.- Señalización, balizamento e defensas. Señalización horizontal e vertical de carreteras. Marcas viarias. Definición das distintas señais de tráfico elementos de balizamento e defensas. Señalización fixa e móvil de obras. Materiais constitutivos, execución, vixilancia e control.

Tema 7.- Obras de terra e explanacións. Terrapléns e pedrapléns. Desmontes.

Tema 8.- Drenaxe. Cunetas: materiais de execución. Drenaxes profundas: materiais e execución.

Tema 9.- Mantemento básico da maquinaria: Engrase, aceites, niveis de líquidos (refrigerante, frenos...). Revisións periódicas e obrigatorias.

Tema 10.- As brigadas de vías e obras. Operacións de mantemento ordinario, especialmente coa maquinaria.

Tema 11.- Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mezclas bituminosas. Composición, materiais, ensayos elementais e execución.

ANEXO II**MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO DE CONDUTOR DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA (LUGO)****DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE:**

Nome: _____ Apelidos: _____
D.N.I.: _____ Nacionalidade: _____
Enderezo a efectos de notificacións: _____
Teléfono: Correo electrónico: _____

EXPÓN:

1º.- Que vista a convocatoria efectuada polo Concello de Navia de Suarna para a provisión dun posto de Condutor de Maquinaria, en réxime de persoal laboral fixo (OEP 2023), mediante o sistema de concurso-oposición, conforme as Bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número , de data

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións exixidas nas bases referidas, na data de expiración do prazo de presentación da instancia.

3º.- Que declara coñecer e acepta as bases xerais da convocatoria para a provisión dunha praza de Condutor de Maquinaria, mediante o sistema de concurso-oposición

4º.- Achego coa presente solicitude os seguintes documentos:

- Copia autenticada do D.N.I. ou documento equivalente.
- Copia autenticada do carné de conducir B.
- Copia autenticada da titulación esixida na convocatoria.
- CELGA 2:
 - SI
 - NON

5º.- No caso de discapacidade. Grao de discapacidade:

Necesita tempo e medios para a realización das probas: Si/Non

Navia de Suarna, a de de 202

(sinatura do aspirante)

RELACIÓN DE MÉRITOS. Deberán relacionarse os méritos que se queiran facer constar para o concurso (os non relacionados non serán tidos en conta polo Tribunal).		
EXPERIENCIA PROFESIONAL		
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/EMPRESA PRIVADA	PERIODO SERVICIOS (DATA INICIO/FIN E Nº DE DÍAS)
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA		
DENOMINACIÓN DO CURSO	CENTRO QUE O IMPARTE	N.º DE HORAS

SARRIA*Anuncio*

O día 04/11/2024, o Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, mediante Resolución 2024-0173, aprobou as **BASES PARA A COBERTURA, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL INTERINO, DE 1 PRAZA DE AUXILIAR XEROCULTOR/A ATA A SUA COBERTURA DEFINITIVA.**

